

# AS RAZÓNS DA I.L.P.

A biodiversidade dos ecosistemas de auga doce está moito máis ameazada que a dos ecosistemas terrestres. A nivel internacional, máis do 20 por cento dos peixes de auga doce do mundo e máis do 60% dos cangrexos e mexillóns de río extingúronse ou están seriamente ameazados de extinción. Os ríos galegos non son unha excepción. O salmón e outras especies piscícolas, xunto con decenas ou mesmo centenas de especies invertebradas, atópanse mermadas nas súas existencias, ameazadas ou en perigo de extinción.

Moitas das actuacións nos ríos teñen como resultado a perda de solo fértil para a produción agrícola e gandeira, e causan serios impactos nas formas de vida das poboacións locais, obrigándoas en numerosos casos a abandonar os lugares onde naceron e viviron. Galiza conta xa con demasiados dramas colectivos e individuais causados por proxectos hidroeléctricos.

O aproveitamento hidroeléctrico atópase na Galiza por riba dos niveis de sustentabilidade ambiental, económica e social, mais continúanse construíndo novas presas nos nosos ríos. O máis de medio centenar de proxectos de minicentrales en tramitación na actualidade apenas incrementarían a produción hidroeléctrica nun 1%, mentres que, por situarse nas xa escasas zonas ben conservadas, causarán unha deterioración irreversible nos nosos ecosistemas fluviais. Optarmos polo aforro e a eficiencia enerxética deixaría máis enerxía dispoñible e permitiría conservar os ríos.

Non se pode entender hoxe que se recuperen aproveitamentos hidroeléctricos integrais dunha cunca (como no Ulla e Lerez) ou construír encoros en cascada nun mesmo río, resucitando anacrónicas concesións de hai máis de 40 anos. Non se pode entender un “Plano Sectorial Hidroeléctrico” que se basea exclusivamente nun criterio de rendibilidade da produción eléctrica no mercado e deixa á marxe consideracións de tipo ambiental e social.

A Lei 1/1995 de protección ambiental de Galiza xustifícase “polas especiais características do país galego e a crecente preocupación social pola protección ambiental”, e baséase nos principios de “prevención, de avaliación de impacto ambiental, de información pública, de participación cidadá, de educación ambiental e de sanción no caso de ilícito ambiental”. Inspírase, asimesmo, nos obxectivos, entre outros, de compatibilizar a defensa dos valores ambientais co desenvolvemento económico, e da utilización racional e de defensa dos recursos naturais e da paisaxe, que constitúen o patrimonio natural de Galiza.

Porén, a pesar da vixencia destes principios, a deterioración dos nosos ríos e de todos os valores naturais, paisaxísticos e socio-culturais relacionados cos mesmos é cada vez máis avanzada. Constatamos que neste eido non se acadou a implementación efectiva dos mencionados principios, debido ao seu carácter xeneralista e a non conter obxectivos claros e específicos en relación cos ríos. Ademais, a figura de pacto ambiental tivo unha escasa realización, polo demais sesgada e sen fundamentarse na participación cidadá.

Constátase unha aplicación deficiente de normas derivadas da Lei 7/1992 de pesca fluvial de Galiza, como as que prevén a variación paulatina do caudal nos aproveitamentos hidroeléctricos, a sinalización da apertura de comportas nas presas, a obrigatoriedade de dotar de pasos, escalas ou outro tipo de dispositivo para o franqueo das presas polas especies migratorias.

Constátase asimesmo a grave violación do espírito da normativa de avaliación do impacto ambiental, o que deixa indefensa a poboación local afectada e hipoteca o dereito cidadá de acceso á información e á participación na toma de decisións en materia ambiental.

Recentemente foi aprobada a Directiva Marco da Auga (DMA), Directiva 2000/60/CE, que entrou en vigor o 22 de decembro de 2000. Esta directiva establece un novo modelo de xestión da auga, de obrigada referencia, e ordena prevenir calquera nova deterioración dos ecosistemas acuáticos e atinxir como mínimo o “bon estado” de todas as augas no horizonte do ano 2015.

Aliás, a DMA define os indicadores de calidade dos ríos, que inclúen a composición e abundancia da flora acuática, da fauna bentónica de invertebrados, e da fauna ictiolóxica, así como o réxime hidrolóxico de caudais, a hidrodinámica, e a continuidade do río, e a calidade química ou contaminación.

Estes indicadores dan significado aos conceptos de “bon estado” e “non deterioración”, mais constatamos que, nos ríos galegos, están fortemente afectados polas obras hidráulicas, principalmente, e tamén pola contaminación e a introdución de especies alleas, así como pola destrución de zonas húmidas e a invasión das zonas de inundación por todo tipo de construción, de tal forma que o “estado actual” dos ríos galegos alónxase moito do obxectivo de “bon estado”, o que fai necesario un plan de choque para corrixir esta situación e cumprir coa máxima urxencia os obxectivos da DMA.

O principio de non deterioración está vixente desde o ano 2000 pero non tivo efectividade real nos nosos ríos, como o demostra a recente autorización de varios proxectos hidroeléctricos nos Ulla, Lerez, Verduxo e Xallas.

Como lexislación “marco”, a directiva establece un modelo de xestión e uns obxectivos comúns a nivel europeo, pero que deben ser alcanzados a través de medidas adoptadas a nivel estatal ou local. Porén, constatamos que se están a retrasar os primeiros pasos previstos polo calendario da DMA e que a súa flexibilidade estase malinterpretando como licenza para non afrontar os cambios que a planificación hidrolóxica require.

O Estatuto de Autonomía de Galiza atribue estas competencias de protección e ordenamento ambiental á administración autonómica, polo que da DMA se derivan novas obrigas para o noso país para avanzar na xestión racional e sustentábel da auga. Como queira que o Goberno Central conserva competencias en materia de planificación hidrolóxica nas chamadas bacías intercomunitarias e internacionais, cumpre xestionar ditas transferencias para Galiza, ao menos no que se refere aos sistemas Miño-Sil, Limia e Támega, como paso previo á configuración das correspondentes demarcacións territoriais nas que deberá participar o Minho e o Douro Portugués.

Por todo isto, resulta necesario, oportuno e de grande interese ambiental e social, a elaboración dunha nova lei que concrete e efectívice os obxectivos xerais indicados na Lei de Protección Ambiental de Galiza e na Directiva Marco da Auga, e estableza os mecanismos e metas adicionais no eido da protección, conservación e restauración dos nosos ríos.